



DECRETO DA ALCALDÍA

Primeiro.- Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o día 7 de xuño de 2021 de contratar 2 prazas de Xefe de Brigada, 2 prazas de peón-condutor, 6 prazas de peóns de brigada, 3 peóns condutor de motobomba e 1 peón tractorista, en réxime de persoal laboral temporal, a través dun contrato por obra ou servizo determinado, polas seguintes razóns: Cumprimento do Convenio suscrito coa Consellería de Medio Rural para a participación e defensa contra incendios forestais durante o ano 2021, para a posta en funcionamento das Brigadas de Incendios durante o ano 2021.

Segundo.- Visto o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o día 10 de xuño de 2021 por este Concello, relativo á selección de persoal laboral temporal convenio de incendios 2021.

Terceiro.- Vista a comunicación realizada dende o Concello de As Nogais á Consellería de Medio Rural de inicio dos traballos preventivos nos que se basea a segunda addenda do convenio, con data de 1 de xuño de 2021.

Cuarto.- Visto o disposto no artigo 84.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, segundo o cal, *porán fin ao procedemento (...) o desistimento*, entre outros, así como o artigo 94 da LPAC que *establece que nos procedementos iniciados de oficio, a Administración poderá desistir, motivadamente, nos supostos e cos requisitos previstos nas leis*.

Quinto.- Visto o informe emitido por Secretaría o día 11 de xuño de 2021.

RESOLVO

Primeiro.- Desistir do procedemento de selección dun peón tractorista ao abeiro do convenio de incendios suscrito coa Consellería de Medio Rural para a participación e defensa contra incendios forestais durante o ano 2021, xa que as actuacións a desenvolver por este posto están sendo realizadas xa na actualidade.

Segundo.- Dar publicidade a este Decreto da Alcaldía no Boletín Oficial da Provincia, así como no portal de transparencia e no taboleiro de edictos do Concello.

Terceiro.- Notificar a presente resolución aos interesados.

As Nogais, 11 de xuño de 2021. O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz

